



## UTILIZACIÓN DE VACINA TETRAVÍRICA FRONTE A SARAMPELO, RUBÉOLA, PAROTIDITE E VARICELA AOS 3 ANOS DE IDADE

Segundo o calendario de vacinación vixente dende o 1 de xaneiro de 2017 na nosa Comunidade, aos 3 anos de idade corresponde vacinar fronte ao sarampelo, rubéola, parotidite e varicela.

A partir do 1 de marzo esta vacinación vaise realizar cun novo produto comercial: a vacina tetravírica denominada **PROQUAD**<sup>®</sup>, que permite a vacinación simultánea fronte a estas enfermidades.

Esta vacina combinada supón claras vantaxes como son o menor número de pinchazos, a menor manipulación e a minimización dos erros de administración; todo isto na busca dunha maior simplicidade no calendario e a mellora da aceptabilidade por parte dos nenos/as, as familias e o propio persoal sanitario.

Esta vacina utilizarase, segundo consta na súa ficha técnica, como 2ª dose naqueles nenos/as que xa recibiran a vacina triple vírica e vacina fronte á varicela seguindo o calendario actual, e deberá ser utilizada na dose dos 3 anos xa que o seu uso previamente a esa idade, aínda que está autorizado, supón un discreto incremento dalgunha das súas reaccións adversas.

A vacinación fronte a estas enfermidades segundo o calendario actual queda establecida do seguinte xeito:



12 meses	15 meses	3 anos
vacina <b>triple vírica</b> (fronte ao sarampelo, rubéola e parotidite)	vacina fronte á <b>varicela</b> monovalente	vacina <b>tetravírica</b> (fronte ao sarampelo, rubéola, parotidite e varicela)

### VACINA TETRAVÍRICA:

A vacina que vai estar dispoñible, adquirida por concurso público, é a vacina **PROQUAD**<sup>®</sup> do laboratorio MSD.



**Vía de administración:** intramuscular ou subcutánea na rexión deltoidea

### Contraindicacións:

Similares as das vacinas triple vírica e varicela por separado

- Antecedentes de hipersensibilidade a unha dose previa de vacina fronte á varicela ou vacina fronte a sarampelo, parotidite ou rubéola, ou a dos seus excipientes
- Terapia inmunosupresora en curso (incluíndo altas doses de corticosteroides). A vacina non está contraindicada nas persoas que





estean recibindo corticosteroides tópicos ou a doses baixas por vía parenteral (por exemplo, para profilaxe de asma ou terapia de substitución).

- Inmunodeficiencia humoral o celular grave (primaria ou adquirida)

**Precaucións:**

- Persoas con antecedentes de reaccións anafilácticas severas ao ovo
- Antecedentes persoais o familiares de convulsións febrís ou antecedentes de lesións cerebrais. O médico deberá estar alerta ante o aumento de temperatura que pode producirse despois da vacinación.

Para máis información, poden consultar as fichas técnicas dos produtos a través de <http://www.sergas.es/Saude-publica/Fichas-técnicas-vacinas>

**Solicitud de vacinas:**

As vacinas deberán solicitarse seguindo o procedemento habitual e axustándose as necesidades da poboación de 3 anos usuaria do seu punto de vacinación.

As vacinas triple vírica (MMR Vax Pro®) e fronte á varicela (VARIVAX®) seguirán a estar dispoñibles para a súa utilización como primeira dose aos 12 e 15 meses respectivamente.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Saúde Pública

Andrés Paz-Ares Rodríguez

